

ÁLVARO VILA ARAUJO e BERNARDO VARELA LÓPEZ, voceiros, respectivamente, do grupo provincial Socialista e do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Regulación de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, da Lei da Administración Local de Galicia e do Regulamento da corporación provincial; no referido ás mocións “para ratificar a xestión pública e directa do CAPD de Ourense”, rexistrada o 10 de xaneiro de 2025, e “para que o CAPD de Ourense volte á senda da igualdade cunha xestión pública directa”, rexistrada o 7 de xaneiro de 2025; presentan na Xunta de Voceiros coa intención de levar a Pleno as seguintes **PROPOSTAS CONXUNTAS DE ACORDO**:

PRIMEIRA.- O pleno da Deputación de Ourense rexeita o acordo da Xunta de Galicia de outorgarlle a unha “entidade da iniciativa social” a xestión do CAPD de Ourense por contravir o desexo manifestado expresamente polas familias, por contravir os acordos asinados por todos os Partidos Políticos en 2016, por contravir o xa manifestado por varios concellos de Ourense e por ir en contra da consideración unánime do pleno da Deputación de Ourense en xaneiro de 2020 e decembro de 2024.

SEGUNDA.- Esixir á Deputación de Ourense a cumprir cos compromisos adquiridos e ratificar a xestión pública e directa do CAPD de Ourense, tal e como foi subscrito pola unanimidade dos grupos políticos con representación na Corporación Provincial na Moción conxunta “Para o apoio á xestión pública e directa do CAPD de Ourense” aprobada no Pleno do 20 de decembro de 2024.


TERCEIRA.- Esixir á Deputación de Ourense a activa defensa dos intereses da provincia e da súa veciñanza para que adopte as medidas de presión oportunas diante da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia con vistas a desbotar a apertura dun proceso de licitación da xestión do CAPD de Ourense e retomar o compromiso a prol da súa xestión pública e directa.

CUARTA.- Esixir á Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia a celebración, á maior brevidade posible, dun encontro entre a conselleira e membros da Plataforma ProCAPD, representantes dos grupos políticos con representación na Deputación de Ourense e o presidente da Corporación Provincial.

En Ourense, a 24 de xaneiro de 2025.



Asinado: **Álvaro Vila Araujo**



Asinado: **Bernardo Varela López**

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE